

DECÁLOGO PARA O USO DIDÁCTICO DÁS TIC NA AULA

Contidos Educativos

CONSELLERIA DE EDUCACIÓN

Contidos Educativos

O relevante debe ser sempre o **educativo**, non o **tecnolóxico**. Por iso, un docente cando planifique o uso das TIC sempre debe ter en mente:

- O que van aprender os alumnos .
- En que medida a tecnoloxía serve para mellorar a calidade do proceso de ensino que se desenvolve na aula.


Contidos Educativos

Un profesor ou profesora debe ser consciente de que as TIC **non teñen efectos máxicos** sobre a aprendizaxe nin xeran automaticamente innovación educativa. O mero feito de usar computadores no ensino non implica ser mellor nin peor profesor nin que os seus alumnos incrementen a súa motivación, o seu rendemento ou o seu interese pola aprendizaxe.



Contidos Educativos

Son o método ou estratexia didáctica xunto coas actividades planificadas os que promoven un tipo ou outro de aprendizaxe. Cun método de **ensino expositivo**, as TIC reforzan a **aprendizaxe por recepción**. Cun método de **ensino construtivista**, as TIC facilitan un proceso de **aprendizaxe por descubrimento**.

A decorative graphic consisting of several sets of concentric circles, resembling ripples in water, is located in the bottom right corner of the slide. The circles are light blue and vary in size, with the largest set being the most prominent.

Contidos Educativos

Débense utilizar as TIC de forma que o alumnado aprenda

- Facendo cousas coa tecnoloxía.

É dicir, debemos organizar na aula experiencias de traballo para que o alumnado desenvolva tarefas coas TIC de natureza diversa como pode ser:

- Crear información en diversos formatos.
- Comunicarse con outras persoas.
- Ver vídeos.
- Resolver problemas.
- Oír música.
- Realizar debates vituais.
- Ler documentos
- Contestar cuestionarios.
- Traballar en equipo.

Contidos Educativos

As TIC deben utilizarse tanto como **recursos de apoio** para a aprendizaxe académica das distintas materias curriculares (matemáticas, lingua, historia, etc.) como para a **adquisición e desenvolvemento** de competencias específicas na tecnoloxía dixital e da información.

Contidos Educativos

As TIC poden ser utilizadas tanto como ferramentas para a procura, consulta e elaboración de información como para a relación e a comunicación con outras persoas. É dicir, **debemos propiciar que o alumnado desenvolva coas TIC tarefas tanto de natureza intelectual como social.**



Contidos Educativos

As TIC deben ser utilizadas tanto para o **trabalho individual** de cada alumno como para o desenvolvemento de procesos de **aprendizaxe colaborativa** entre grupos de alumnos tanto presencial como virtualmente.

Contidos Educativos

Cando se planifica unha lección, unidade didáctica, proxecto ou actividade con TIC **debe facerse explícito** non só o obxectivo e contido de aprendizaxe curricular, senón tamén o tipo de competencia ou habilidade tecnolóxica/informacional que se promove no alumnado.

A decorative graphic consisting of several sets of concentric circles, resembling ripples in water, is located in the bottom right corner of the slide. The circles are light blue and vary in size, with the largest set being the most prominent.

Contidos Educativos

Cando levemos ao alumnado á aula de informática ,
imos evitar a improvisación. É moi importante
ter planificados o tempo, as tarefas ou actividades, os
agrupamentos dos estudantes, o proceso de traballo.

Contidos Educativos

Usar as TIC non debe considerarse nin planificarse como unha acción allea ou paralela ao proceso de ensino habitual. É dicir, as actividades de utilización dos computadores teñen que **estar integradas e ser coherentes cos obxectivos e contidos curriculares** que se están ensinando.

- Fonte: Manuel Área Moreira
- Etiquetas: Actividades TIC aula

Contidos Educativos